



LUDOTECA DE NADAL PONTECESURES

2021

BASES

1. A LUDOTECA DE NADAL é unha proposta do Concello de Pontecesures que pretende non só ocupar o tempo de lecer dos nosos cativos e cativas, senón permitir ás familias compaxinar a vida familiar e laboral.

2. A LUDOTECA DE NADAL está **DIRIXIDA** a nenas e nenos con idades comprendidas entre 3 e os 12 anos (ambos inclusive).

3. O **SERVIZO** desenvolverase os días **22, 23, 24, 27,28, 29, 30 e 31 de decembro** nas instalacións do Anexo do Pavillón Municipal de Pontecesures situado no Camiño Infesta, 32 – Pontecesures.

4. PODERÁN UTILIZAR O SERVIZO

Nenas e nenos con idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos (ambos inclusive) atendendo aos seguintes criterios e pola orde que na que se expoñen:

- Terán preferencia os/as solicitantes empadroados no Concello de Pontecesures. No caso de quedar prazas sen cubrir, atenderanse solicitudes de usuarios/as non empadroados/as.
- FAMILIAS MONOPARENTAIS e FAMILIAS NUMEROSAS (situación que deberá ser acreditada mediante certificación oficial)
- As persoas (nais, pais ou tutores legais) que acrediten ter **NECESIDADES DE CONCILIACIÓN DEBIDO Á SITUACIÓN LABORAL** mediante declaración responsable na que se indicarán: contratos laborais, vida laboral e/ou certificado de empresa que reflecta os horarios de traballo.

En caso de empate nas puntuacións, resolverase segundo a renda *per cápita* da unidade familiar, que se calculará tendo en conta os datos do IRPF do 2020, tendo preferencia aquelas unidades familiares coas rendas máis baixas.



As situacións manifestadas na devandita declaración responsable (contratos, certificados de empresa, situacións de familias monoparentais ou numerosas, ingresos e xustificantes de empadramento) poderán ser requeridas polo Concello de Pontecesures a efectos de comprobación.

5. O **HORARIO DO SERVIZO** será de 09:00 a 14:00 horas. Os nenos e nenas terán que ser entregados entre as 09:00 e as 10:00 h e recollidos entre as 13:00 a as 14:00 horas.

6. **NÚMERO DE PRAZAS** que se oferta é de 20 prazas. Para que o servizo se leve a cabo deberá haber un número mínimo de 10 solicitudes.

7. FORMALIZACIÓN DA SOLICITUDE.

A solicitude de admisión no servizo realizarase cubrindo a **ficha de inscrición e declaración responsable (Anexo I)** e aportando, de ser o caso, a documentación que se require en dita solicitude a cal poderán descargar na seguinte ligazón <http://pontecesures.org/vernoticia.asp?id=1666> ou recoller nas oficinas do Concello. Unha vez cumprimentada, achegarase ás oficinas do Concello de Pontecesures sito na Av. de Vigo, 2 - Pontecesures, tfno. 986 55 71 25 en horario de 09:00 a 14:00h.

Aquelas familias teñan presentado correctamente toda a documentación requirida para solicitar praza no servizo de Campamento de Verán 2021 e manteñan as mesmas circunstancias, **non** terán que voltar a facelo, quedando obrigadas a presentar únicamente a solicitude de inscrición, autorizacións e declaración responsable contidas (Anexo I).

8. PRAZO DE INSCRICIÓN.

O prazo para solicitar praza na LUDOTECA DE NADAL abrírase o día laboral seguinte ao da publicación das presentes bases e estenderase ata o día 16 de decembro de 2021 ata as 14:00 horas.

9. **ACEPTACIÓN DAS BASES.** As persoas que presenten inscrición nesta actividade aceptan todo o contido nas presentes bases.



Ficha de Inscripción LUDOTECA DE NADAL PONTECESURES 2021

Nome e apelidos da neno/a: _____

Teléfonos: _____ Data de nacemento: _____

Enderezo: _____

E-mail: _____

Observacións (alergias, medicacións...) _____

D./D^a. _____ maior de
Idade, con DNI _____, como PAI/NAI/TITOR/A dou a miña
AUTORIZACIÓN para que o neno/a arriba indicado asista á actividade de: LUDOTECA DE NADAL
PONTECESURES 2021 nos días 22, 23, 24, 27, 28, 29, 30 e 31 de decembro de 2021.

Indique se autoriza ou non fotos e gravacións: Autorizo Non autorizo

Documentación que se achega:

Impreso de solicitude e autorizacións.

Declaración responsable de circunstancias económicas e familiares.

Fotocopia da tarxeta sanitaria do neno/a.

Certificación oficial da condición de familia numerosa ou monoparental.

Declaración IRPF 2020 dos dous proxenitores (un no caso de familia monoparental).

Pontecesures, _____ de _____ de 2021

Asdo.: _____



Autorizacións

D./D^a. _____ maior de

Idade, con DNI _____, como PAI/NAI/TITOR/A de

Teléfonos: _____ E-mail: _____

no que recibirá información das actividades, fotos da mesma ou realizar algunha consulta.

AUTORIZO ás persoas responsables da actividade, en caso de que sexa necesario, a que leven a cabo as seguintes accións:

• Autorización para trasladar á/ao nena/o en ambulancia ou taxi en caso dunha urxencia.

• Autorización para que outras persoas distintas da nai ou pai recollan á/ao nena/o.

Nome da persoa autorizada: _____

AUTORIZO, **NON AUTORIZO** (marcar cunha X a opción elixida), ao programa para que permita a captación de fotografías, a gravación de imaxes e o rexistro de son daqueles eventos organizados pola Empresa nos que apareza o/a neno/a antedito/a, ben a título individual ou formando parte dun grupo.

As imaxes e os sons destinaranse á súa difusión a través de calquera medio de comunicación audiovisual ou impreso así como ao arquivo para a súa utilización en campañas de promoción ou calquera tipo de documento que se publique a instancias da empresa, mantendo sempre a observancia dos dereitos da infancia e sen desvirtuar en ningún caso o seu significado nin tampouco o contexto no que foron captadas.

Consonte o disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos correspondentes ficheiros da empresa. En calquera momento, poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo a través dun escrito que presentará na sede da empresa.

OBSERVACIÓNS (alergias, medicacións, alteracións alimenticias ou de sono...)

Pontecesures, _____ de _____ de 2021

Asdo.: _____



Declaración responsable de situación familiar e económica.

D./D^a. _____

DECLARA, baixo a súa responsabilidade; os seguintes datos en referencia á súa unidade familiar:

1. Coñece e acepta as bases da LUDOTECA DE NADAL PONTECESURES 2021

2. OCUPACIÓN LABORAL.

- Traballa un dos proxenitores.
- Traballan os dous proxenitores.
- Sen ocupación laboral de nengún dos dous proxenitores.

3. SITUACIÓN FAMILIAR:

- Familia monoparental.
- Familia numerosa.

4. EMPADROAMENTO DO NENO/A NO CONCELLO DE PONTECESURES.

- SI
- NON

5. ALGÚN DOS PROXENITORES TEN O SEU CENTRO DE TRABALLO EN PONTECESURES.

- SI
- NON

PROTECCIÓN DE DATOS: A finalidade da obtención destes datos é para xestionar adecuadamente a prestación deste servizo que vde. nos require. Estes datos serán xestionados polo Concello de Pontecesures unicamente para o proceso de inscrición nesta actividade e non serán cedidos a terceiros.

Pontecesures, _____ de _____ de 2021

Asdo.: _____